Num. 218

FOUCE

Febreiro 2004

Periódico labrego de información técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

A presión do SLG consigue que a Xunta acceda a pagar as axudas compensatorias

■ A Consellería de Política Agroalimentaria recortou drasticamente as Indemnizacións Compensatorias de Montaña (ICM) e denegoullas ao meirande dos seus beneficiarios.

■ En resposta, o SLG iniciou unha campaña de presentación masiva de recursos que se saldou co anuncio de que a Xunta pagará a todos aqueles que lles corresponda cobrar. **Páx. 5**




Anxo Quintana reuniuse con Lidia Senra para falar dos problemas do agro galego

O Portavoz Nacional do Bloque Nacionalista Galego, Anxo Quintana, mantivo unha reunión coa Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, o pasado 28 de xaneiro. Lidia Senra aproveitou o encontro para poñer a Quintana ao corrente dos principais problemas que están a sufrir os labregos e labregas de Galiza. Pola súa banda, e nunha rolda de prensa posterior, Anxo Quintana falou de potenciaciar os sectores agrario, gandeiro e forestal da Galiza, xa que son "sectores estratéxicos da nosa economía que representan realidades propias e que precisan tamén, polo tanto, políticas propias".

A Marcha Mundial das Mulleres celebrase en Vigo no mes de maio

A coordinadora europea da Marcha Mundial das Mulleres decidiu celebrar en Galiza a mobilización europea do ano 2004, en solidariedade coas mulleres do noso país despois da catástrofe do Prestige. Este evento internacional celebrarase en Vigo o 22 e 23 de maio baixo o lema "Por unha Europa de todas: diferentes si, desiguais non". Esta é unha das novas que inaugura a sección de Muller en Fouce, unha páxina fixa que tentará servir de punto de encontro para as labregas de Galiza. **Páx. 13**



A suba dos pensos agravará aínda máis a crise que sufre o sector gandeiro

A política errónea de reforestar terras agrarias, en troques de destinalas á producción de forraxes naturais, vai facer especialmente vulnerábeis aos gandeiros e gandeiras da Galiza diante da escalada de prezos dos pensos motivada pola secas de agosto, un fenómeno que provocou que os custes de producción nalgúns sectores gandeiros subisen ata un 25% nos últimos catro meses. Para o SLG, a Xunta debería deter a forestación de terras agrarias e potenciar a producción de pastos, forraxes e proteína vexetal, para facer viábel a alternativa dunha gendería en base á terra. **Páx. 11**

TÁBOA

■ **Adro**

Estudio a fondo dos trocos na Seguridade Social Agraria

O Adro do presente Fouce dedica dúas páxinas a analizar as repercusións negativas que terá a reforma da Seguridade Social Agraria sobre a economía de labregos e labregas, e a explicar en que consisten os principais cambios, e a quen lle convén cambiarse de réxime, e a quen seguir cotizando polo vello. **Páxs. 2 e 3**

■ **Galiza**

Ternera Tradicional estará dentro da IXP Ternera Gallega

O pasado mes de setembro, o presidente de Acruga adiantaba a intención de Política Agroalimentaria de crear a marca TerneraTradicional, diferenciada de Ternera Gallega. As denuncias do SLG fixeron que Diz Guedes dese marcha atrás. **Páx. 6**

■ **Suplemento especial**

Textos aprobados no Congreso de Producción Ecolóxica

Fouce publica nas súas páxinas centrais os textos definitivos que se aprobaron no Congreso de Producción Ecolóxica celebrado o pasado 14 de decembro de 2003 en Monforte de Lemos. Inclúese, ademais do relatorio sindical, tamén o relatorio organizativo. **Páxs. 7 a 10**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Lidia Senra, Xan Pouliquen, Xosé Pérez Rei, Daniel Carballo e Isabel Vilalba.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS


LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Parque Municipal nº 32, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Local AISS
Tel. 988 321511 / Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERRAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN
Local da Cámara Agraria, 1º
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA
Cidade de Viveiro nº1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA
Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Bar González
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
Rúa Darío Bugallal nº15, 1º
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 699 924 630

A cotización labrega aumentará un mínimo do 45% en quince anos

De pagar 132 euros cada mes (21.962 pesetas), pasarase a desembolsar 192 euros (31.946 pesetas)

No mes de xaneiro, a Cámara Agraria da Coruña presentou un informe demoledor sobre a incidencia negativa que terá na provincia a eliminación do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social. Unha medida adoptada no Congreso polo PP e polo PSOE que agravará a crise dun sector que perdeu, nos últimos cinco anos, máis de 15.000 activos. Se no 1998 había 41.790 labregos e labregas na provincia da Coruña, no 2002 o número foi de 25.240.





PP e PSOE, liderados por Aznar e Zapatero, pactaron a eliminación do REASS e votárona no Congreso, algo polo que terán que responder ante os labregos e labregas nas Eleccións Xerais de marzo.

Este informe, elaborado por Venancio Salcines e Ramón Núñez Gamallo, profesores de Teoría Económica e Escola de Economía Aplicada na Universidade da Coruña, conclúe que a eliminación do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social (REASS) suporá un desembolso moito maior para labregos e labregas, que teñen que comezar a cotizar como autónomos; que para os empresarios do sector de servicios, que eran os que, maioritariamente, cotizaban ata o de agora neste servicio.

A nova reforma obrigará ás 65.000 persoas que ata o momento cotizaban pola agraria en Galiza, a ter que aumentar a súa cotización ata un 45% nun período de quince anos. A lei obrigaralles agora a ter que cotizar 192 euros mensuais para ter unha xubilación de 540 euros; cando antes se pagaban 132 euros para ter unha xubilación de 420 euros.

Aínda que a xubilación será un pouco maior, o informe deixa claro que "dende sempre, os labregos e labregas tiveron aberta a entrada ao Réxime de Autónomos; se non o fixeron foi porque non lles interesaba".

Os problemas derivados desta reforma irresponsábel de PP e PSOE serán varios. Para empezar, este incremento ameaza a un 80% de labregos e labregas que non alcanzan os 6.300 euros do salario mínimo interprofesional. En cifras, terán serios problemas para cotizar polo novo réxime un total de 20.000 labregos e labregas na provincia Coruña, que agora terán que desembolsar o 22% da súa renda para cotizar, porcentaxe que aumentará ata un 32% no 2018.

Coa nova cotización os labregos e labregas desembolsarán o 13'36% da súa renda

En termino medio, o custe para o agro coruñés da nova cotización suporá o 13'36% da renda, cando no sector servicios -no que cotizan como autónomos- o custe desta modalidade de cotizar só ascende ao 5'68%, xa que teñen uns ingresos maiores que os das explotacións agrarias.

Isto, evidentemente, é inxusto, pois para rendas diferentes debería haber bases de cotización distintas.

Por se fose pouco, a eliminación do REASS traerá canda si novos gastos engadidos de xeito indirecto, pois os labregos e labregas terán que entrar no mundo das mutuas, que serán as que controlen as baixas. Isto suporá custes administrativos novos, gastos de transporte para poder ir á cidade, perda de tempo, e menor producción naquelas explotacións cun so traballador.

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, lembrou diante dos medios de comunicación, e a raíz deste informe, que as mulleres labregas serán as grandes prexudicadas desta reforma, pois a renda dispoñíbel en cada familia só chegará para unha soa cotización que, no meirande dos casos, pagarase a nome do home.

Polo demais, o Sindicato Labrego seguirá mantendo o seu traballo de oposición a esta reforma que prexudica tan gravemente os intereses dos labregos e labregas de Galiza.

Cotización mensual con dereito á baixa

Ano	Sistema vello	Sistema novo
2004	23.927	26.252
2005	24.405	28.788
2006	24.893	31.417
2007	25.392	32.870
2008	25.898	34.369
2009	26.424	35.914
2010	26.953	37.510
2011	27.492	39.152
2012	28.042	40.846
2013	28.602	42593
2014	29.175	44.393
2015	29.758	46.249
2016	30.353	48.159
2017	30.960	50.129
2018	31.579	52.157

O cadro expresa, en pesetas, a diferencia de cotización que haberá entre pagar polo réxime vello e polo novo

Co novo sistema pagarase no 2018 máis do dobre do que se cotizaba no 2003

O avogado do Sindicato Labrego Galego, Xosé Pérez Rei, elaborou para o presente Fouce unhas táboas explicativas nas que se detallan as diferencias de cotización e de pensións que haberá entre aqueles labregos e labregas que decidisen seguir contizando polo réxime vello (Seguridade Social Agraria), e aquelas persoas que opten por cotizar polo novo sistema, que será transitorio ata o 2018, ano no que se equiparará ao réxime de autónomos. Acompañan aos gráficos un texto explicativo e varios exemplos desta complexa cuestión.

Como xa sabedes, e con efectos dende primeiros do 2004, produciuse unha modificación no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social que lle vai afectar a todas aquelas persoas que se incorporen, desde o 1 de xaneiro deste ano, á Seguridade Social Agraria. Os que xa viñan cotizando na Seguridade Social Agraria antes do 1 de xaneiro de 2004, poden seguir facéndoo ou, pola contra, incorporarse ao novo sistema transitorio.

Este novo sistema transitorio consiste en equiparar, progresivament,e a cotización da agraria coa dos autónomos. Isto suporá un aumento progresivo ata o 2018, que será o ano en que as cotas que se teñan que pagar en ambos os réximes sexan iguais.

Un 56% máis caro que na agraria

Trátase dun cambio moi importante, sobre todo se pensamos que, a finais do ano 2003, unha persoa da agraria con dereito á baixa tiña que pagar unha cota mensual de 141 euros (23.460 pesetas), mentres que a cota mínima dun autónomo era de 220,73 euros (36.726 pesetas).

Se un labrego ou labrega decide incorporarse ao novo sistema, no 2018 terá que pagar unha cota mensual á Seguridade Social de máis do dobre da que lle correspondía pagar a finais do 2003.

Na páxina anterior podemos ver unha táboa na que se indican as cantidades aproximadas que lle corresponderá pagar ás persoas afiliadas á Seguridade Social Agraria que teñan dereito a baixa, cotizando no sistema vello e no sistema novo.

Tanto nun sistema coma no outro, pódese optar por acollerse ao dereito á baixa ou non.

Anos que se levan cotizados

ano de xubilación

		cot 35	cot 34	cot 33	cot 32	cot 31	cot 30	cot 29	cot 28	cot 27	cot 26	cot 25	cot 24	cot 23	cot 22	cot 21	cot 20
2004	vello	79.639	78.046	76.453	74.861	73.268	71.675	70.082	68.490	66.897	65.304	63.711	61.322	58.933	56.544	54.155	51.765
	novo	81.597	79.965	78.333	76.701	75.069	73.437	71.805	70.173	68.541	66.910	65.278	62.830	60.382	57.934	55.486	53.038
2005	vello	80.319	78.713	77.106	75.500	73.893	72.287	70.681	69.074	67.468	65.862	64.255	61.846	59.436	57.026	54.617	52.207
	novo	83.816	82.140	80.463	78.787	77.111	75.434	73.758	72.082	70.405	68.729	67.053	64.538	62.024	59.509	56.995	54.480
2006	vello	81.209	79.585	77.961	76.336	74.712	73.088	71.464	69.840	68.216	66.591	64.967	62.531	60.095	57.658	55.222	52.786
	novo	86.157	84.434	82.711	80.988	79.264	77.541	75.818	74.095	72.372	70.649	68.926	66.341	63.756	61.171	58.587	56.002
2007	vello	82.110	80.468	78.826	77.183	75.541	73.899	72.257	70.615	68.972	67.330	65.688	63.225	60.761	58.298	55.835	53.372
	novo	88.660	86.887	85.114	83.340	81.567	79.794	78.021	76.248	74.474	72.701	70.928	68.268	65.608	62.949	60.289	57.629
2008	vello	83.159	81.496	79.833	78.169	76.506	74.843	73.180	71.517	69.854	68.190	66.527	64.032	61.538	59.043	56.548	54.053
	novo	91.342	89.515	87.688	85.861	84.035	82.208	80.381	78.554	76.727	74.900	73.074	70.333	67.593	64.853	62.113	59.372
2009	vello	84.390	82.702	81.014	79.327	77.639	75.951	74.263	72.575	70.888	69.200	67.512	64.980	62.449	59.917	57.385	54.854
	novo	94.239	92.354	90.469	88.585	86.700	84.815	82.930	81.046	79.161	77.276	75.391	72.564	69.737	66.910	64.083	61.255
2010	vello	85.495	83.785	82.075	80.365	78.655	76.946	75.236	73.526	71.816	70.106	68.396	65.831	63.266	60.701	58.137	55.572
	novo	97.039	95.098	93.157	91.217	89.276	87.335	85.394	83.454	81.513	79.572	77.631	74.720	71.809	68.898	65.987	63.075
2011	vello	86.722	84.988	83.253	81.519	79.784	78.050	76.315	74.581	72.846	71.112	69.378	66.776	64.174	61.573	58.971	56.369
	novo	99.874	97.877	95.879	93.882	91.884	89.887	87.889	85.892	83.894	81.897	79.899	76.903	73.907	70.911	67.914	64.918
2012	vello	87.995	86.235	84.475	82.715	80.955	79.196	77.436	75.676	73.916	72.156	70.364	67.725	65.087	62.448	59.809	57.171
	novo	102.875	100.818	98.760	96.703	94.645	92.588	90.530	88.473	86.415	84.358	82.300	79.214	76.128	73.041	69.955	66.869
2013	vello	89.212	87.428	85.644	83.859	82.075	80.291	78.507	76.722	74.938	73.154	71.370	68.693	66.017	63.341	60.664	57.988
	novo	105.936	103.817	101.699	99.580	97.461	95.342	93.224	91.105	88.986	86.868	84.749	81.571	78.393	75.215	72.036	68.858
2014	vello	90.594	88.782	86.970	85.158	83.346	81.535	79.723	77.911	76.099	74.287	72.475	69.757	67.040	64.322	61.604	58856
	novo	109.287	107.101	104.916	102.730	100.544	98.358	96.173	93.987	91.801	89.615	87.430	84.151	80.872	77.594	74.315	71037
2015	vello	92.612	90.760	88.908	87.055	85.203	83.351	81.499	79.646	77.794	75.942	74.090	71.311	68.533	65.755	62.976	60198
	novo	112.731	110.476	108.222	105.967	103.713	101.458	99.203	96.949	94.694	92.439	90.185	86.803	83.421	80.039	76.657	73275
2016	vello	94.421	92.533	90.644	88.756	86.867	84.979	83.090	81.202	79.314	77.425	75.537	72.704	69.872	67.039	64.206	61374
	novo	116.454	114.125	111.796	109.467	107.138	104.809	102.480	100.150	97.821	95.492	93.163	89.670	86.176	82.682	79.189	75695
2017	vello	96.306	94.380	92.454	90.528	88.602	86.675	84.749	82.823	80.897	78.971	77.045	74.156	71.266	68.377	65.488	62599
	novo	120.291	117.885	115.479	113.074	110.668	108.262	105.856	103.450	101.044	98.639	96.233	92.624	89.015	85.407	81.798	78189
2018	vello	98.230	96.265	94.301	92.336	90.372	88.407	86.442	84.478	82.513	80.549	78.584	75.637	72.690	69.743	66.796	63850
	novo	124.206	121.722	119.238	116.754	114.270	111.785	109.301	106.817	104.333	101.849	99.365	95.639	91.912	88.186	84.460	80734

Nesta táboa compárase canto cobrarán as persoas xubiladas que coticen polo vello REASS, e as que coticen, dende o 1 de xaneiro de 2004, polo novo sistema transitorio.

Cómpre calcular se compensa pagar máis para ter unha mellor xubilación

Na táboa de enriba pode verse, en cantidades aproximadas, canto cobraría unha persoa pola súa pensión de xubilación cada ano ata o 2018.

Podemos ver a cifra que se cobraría pola xubilación segundo opte por permanecer no sistema vixente ata agora (Seguridade Social Agraria normal) ou opte por incorporarse ao novo sistema (Seguridade Social Agraria en transición a Autónomos). Os anos que aparecen á esquerda son os anos nos que se formaliza a xubilación, e os números da fila da parte superior indican a cantidade de anos cotizados ao chegar ese momento, expresado en pesetas.

Calculando a diferencia entre o que cotizaría unha persoa nun sistema e no outro no tempo que lle reste para xubilarse, e a diferencia entre a pensión que lle quedaría nun e noutro sistema, podemos darnos unha idea aproximada de se lle interesa cambiar de sistema ou non.

Trátase de saber canto pagaría de máis no tempo que lle falta para xubilarse, por unha banda; e canto tempo debería cobrar a pensión para que lle compense esas cantidades superiores desembolsadas.

Un dato a ter moi presente é que aquelas persoas ás que lle corresponde unha pensión inferior á mínima, tanto se optan por un sistema como polo outro, nunca deben optar por cambiar de sistema, xa que neste caso a Seguridade Social lles complementa a pensión para chegar á mínima, e daquela cobrarían igual en calquera dos dous sistemas.

¿Cómo saber se compensa trocar do réxime vello ao novo?

- Non lle compensa ás persoas novas, xa que só compensa se faltan menos de quince anos para xubilarse.
- Non lle compensa ás persoas que, cando se vaian xubilar, teñan menos de 25 anos cotizados.

As persoas que cumpran estas dúas condicións, poden pasar polos locais do SLG para calcular o que cobrarían.

nº 218
Febreiro de 2004
FOUCE

editorial

Fraga cómplice

A finais de xaneiro, o Presidente da Xunta sorprendeunos cunhas declaracións moi comprensivas co alcalde de Toques, que viña de ser condenado por abuso sexual a unha menor.

A actitude de Manuel Fraga como persoa é reprobábel, pero a súa actitude en condición de Presidente da Xunta é totalmente intolerábel. Fraga cualificou como "menudencias" ou "conducta incorrecta" un caso de abusos sexuais polo que foi condenado o alcalde de Toques. Así, Fraga deulle amparo a quen pretenden retrotraernos ás épocas nas que as mulleres tiñan que soportar en silencio todo tipo de acosos e abusos sexuais contra a súa vontade. Mesmo a frase que utiliza para dicirlle á sociedade que o alcalde de Toques non cometeu delicto é arrepiante: Fraga dixo, textualmente, que "o caso de abusos polo que Jesús Ares foi condenado podería limitarse a unha conducta incorrecta, non a unha violación nin a un acto de pederastia ou algo semellante". Isto é intolerábel porque di á sociedade que quen abusa sexualmente, se non chega á violación, non comete delicto. Isto é extremadamente grave e a sociedade non pode consentilo.

Fraga, con esta actitude, bota por terra as campañas que se están facendo para animar ás mulleres a denunciar os casos de violencia de xénero. Isto adquire maior relevancia no medio rural, onde ante situacións deste tipo é imposíbel manter o anonimato, e onde sabes que se te atreves a denunciar vas estar en boca de toda a veciñanza. Situación que se agrava cando o agresor é, coma neste caso, o alcalde.

Cando unha muller é atacada sexualmente sofre o mesmo en calquera parte. Pero cando se atreve a denunciar, non é o mesmo vivir nunha rúa dunha cidade, onde case podes manter o anonimato; que vivir nun núcleo rural, onde te coñece toda a parroquia.

O alcalde de Toques debería irse para a casa. Se cadra teríao feito se o Presidente da Xunta non o apoiase, polo que Fraga, se tivese algo de dignidade, debería irse para a casa tamén.

Dende o Sindicato Labrego Galego queremos animar a tódalas mulleres que sufran calquera situación de violencia de xénero a que non calen, e que denuncien como fixo Sandra de Toques.

Agrupacións de defensa sanitaria gandeira: especulación na sanidade animal

por Daniel Carballo, veterinario

Hai poucos días, en Lugo, asistín a unha charla organizada polo Colexio de Veterinarios de Lugo e a Facultade de Veterinaria. Esta charla foi a primeira dun curso titulado: "Programas de control sanitario bovino en Galicia: Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras (ADSG)" e nela falaron Bernard Terrand e o doutor Hervé Petit, coma presidente e director técnico da Federación Nacional de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras de Francia (FNGDS).

Pois ben, a miña primeira curiosidade cara ao curso trocou nun sobresalto cando escoitei ao decano da Facultade (Quique, coma lle chaman familiarmente os alumnos) falar da intencionalidade destas xornadas, que son froito dun importante convenio entre a Universidade e o Colexio de Veterinarios coa fin de formar un gran número de profesionais a curto prazo para traballar no campo das ADSG, xa que "grandes empresas" entrarán en pouco tempo no agro galego ofrecendo un servicio integral ás explotacións.

A miña reacción foi de sobresalto, xa que sempre tiven a Quique por persoa intelixente e prudente, e naquela mesa estaba sentado co presidente do Colexio de Veterinarios, home familiarizado coa situación creada na profesión dende o desmantelamento do persoal das Campañas de Saneamento Animal e a entrada da súper empresa chamada TRAGSEGA (filial de TRAGSA).

Coma veño contando, todos e todas as presentes eramos perfectamente conscientes de que "as grandes empresas" non son outra mais ca TRAGSA (transformación agraria S.A.), e que as ADSG neste país son algo que existe pero que ninguén sabe concretamente cales son os seus cometidos nin como se están a crear.

A conferencia dos convidados franceses tratou da situación destas agrupacións en Francia, de como naceron no ano 1954 e foron evolucionando no tempo ata hoxe. Tamén falaron de como a estructura da que dispoñen en todo o estado está composta por un corpo de non máis de sesenta empregados laborais, os cales coordinan e dirixen os plans de loita contra enfermidades, tanto de erradicación obrigatoria coma outras que ocasionan perdas nas ganderías (por exemplo a IBR, os barros, certas mamites, a paratuberculose, etcétera). Toca, mais ou menos, a un veterinario por cada dous departamentos estatais. Esta estructura mantense economicamente coas achegas dos socios (2'5 euros por vaca), e o traballo de campo dentro das explotacións é realizado polos veterinarios libres que traballan en cada zona.

Así vemos como é a organización dos franceses: implicación de tódolos actores da sanidade (gandeiro, veterinario libre e administración), e formación de asociacións para acadar os niveis sanitarios desexados polos gandeiros; todo isto coordinado e organizado nunha federación de asociacións a nivel estatal. Esta organización deulles un bo resultado e, hoxe en día, non son do peor dentro da sanidade animal.

No Estado Español tamén naceu o interese pola loita contra as enfermidades animais declaradas de urxente erradicación, tanto no ámbito europeo coma mundial, no mesmo ano 1954. Fíxose a través da "Lei de epizootias", a cal estivo en vigor ata o ano pasado por entrar en vigor a nova "Lei de Sanidade Animal". Esta lei declaraba ao Estado coma responsábel da sanidade dos animais e, aínda que algunha campaña de carácter voluntario foi feita por aqueles anos, non supuxo grandes logros nesta materia ata que, no noso país, comezaron as campañas oficiais de saneamento gandeiro aló polo ano 1989, coa vacinación antiaftosa e a revisión de 125.613 explotacións (99% do censo total).

No ano 1990, a Comunidade Autónoma Galega convertiríase nunha comunidade pioneira ao declarar todo o territorio como área de erradicación obrigatoria. Neste intre, nacerían os documentos que garantían a sanidade dun animal para a súa venda e traslado. A tuberculose e a brucelose diminuíron dende cifras superiores ao 6% no ano 1993, ata estar ben por baixo do 1%. Este feito fixo que o estado sanitario dos nosos animais e os documentos que os acompañaban fosen respectados polos servicios veterinarios daqueles lugares onde viaxaban, non tendo ningún tipo de limitación nos seus movementos.

A situación no presente é a sanidade animal a medio camiño da súa privatización total, e para esta fin aproveitase o concepto das ADSG, pero dun xeito totalmente perverso: facer un gran monopolio paralelo á Administración con suculentas ganancias e redes de favores. Hoxe en día, a nosa Administración non ve na sanidade animal nada máis ca un negocio de grandes proporcións e, consecuentemente, opina que ten que ser privatizado todo o referente a este tema. Pero non de calquera xeito, senón metendo unha empresa privada de capital público e controlada no seu consello de administración por mulleres e parentes de altos cargos da Administración.

O vergoñento é que a profesión veterinaria non teña máis orgullo e vexa a devandita empresa coma a salvación ós problemas de paro que existen. A situación sanitaria e o desenvolvemento da nosa gandería xa non son tan importantes. Hai quen non perde oportunidade e viu o negocio de lonxe, pois xa existen ADSG no noso país. Pero, ¿que fan?, ¿como naceron as que xa existen?, ¿a que interese andan os que as fixeron?, ¿van chover toneladas de cartos desa Europa tan desprendida en subvencións?, ¿isto vai ser o maná dos veterinarios?. Dende logo, eu son ben escéptico.

Ao final, todo se resume na precariedade da profesión veterinaria, xa que non hai nada máis que contratos "lixo" por obra, profesionais que traballan do mesmo xeito que xornaleiros de tempada. Faranse ADSG ás que todo o mundo terá que pertencer, despois ofrecerán "servicios integrais" contratados cunha empresa privada: TRAGSA; e todo isto non vai ser financiado pola Administración, senón que terá que ser pagado polos propios gandeiros, xa que son, agora, os únicos responsábeis da sanidade dos seus animais.

En resume, en Francia terán un sistema baseado en ADSG dende fai moito tempo, pero non ten nada que ver coa especulación que estamos a vivir cás ADSG no noso país.

O SLG consigue que a Xunta acceda a pagar as axudas compensatorias

Política Agroalimentaria quería baixar dos 11.468.595 euros de 2001, a 3'9 millóns tan só para o 2004

Nestes tempos nos que seica choven millóns sobre o noso País por mor do tan cacarexado Plan Galiza, a Xunta tentou dar outra volta de rosca no desmantelamento do noso agro. Así, boa parte dos labregos e labregas que viven en zonas desfavorecidas ían deixar de ingresar as Indemnizacións Compensatorias de Montaña (ICM) que viñan cobrando ata o de agora e que tiñan dereito a seguir percibindo por cumprir tódolos requisitos esixidos. Gracias á campaña de presentación masiva de recursos organizada polo SLG, agora a Xunta recúa nas súas intencións.

O Sindicato Labrego Galego vén de realizar unha campaña de presentación masiva de recursos para tentar deter o recorte drástico que a Consellería de Política Agroalimentaria quería facer nos orzamentos destinados a fornecer as Indemnizacións Compensatorias de Montaña (ICM).

Isto provocou, inicialmente, a denegación dunha gran cantidade destas axudas. As cartas notificando a perda da prima foi agasallo de aninovo que Diz Guedes lle fixo aos labregos e labregas das zonas agrarias que padecen máis dificultades na Galiza.

En efecto, un grande número de labregos e labregas de Galiza recibiron en xaneiro unha carta de Política Agroalimentaria mediante a cal se lles denegaba a devandita ICM.

Este feito non deixa de ser sorprendente, xa que as persoas titulares destas explotacións xa cobraran en anos anteriores as mesmas axudas, polo que é evidente que cumpren os requisitos.

As cifras falan por si soas, e demostran que nos últimos anos a Xunta dedicouse a reducir de xeito alarmante estas indemnizacións. No 2001 beneficiáronse 14.201 labregos e labregas de zonas desfavorecidas, que se repartiron11.468.595 euros; nembargantes, no 2004, os cartos só ascenden, polo de agora, a 3'9 millóns de euros (a cuarta parte) e chegarán só a pouco máis de 5.000 persoas.

Gracias á campaña de denuncia e presentación masiva de recursos organizada polo SLG, a Xunta recuou nas súas intencións e prometeu que todos e todas volverían cobrar as axudas.

Recorte das Indemnizacions Compensatorias de Montaña (ICM) nos ultimos catro anos

	2001	2004
A Coruña	1.403.339 euros para 2.070 persoas	480.000 euros para 734 persoas
Lugo	7.250.728 euros para 8.582 persoas	2.480.430 euros para 3.047 persoas
Pontevedra	1.147.923 euros para 1.757 persoas	392.694 euros para 623 persoas
Ourense	1.666.544 euros para 1.792 persoas	570.110 euros para 636 persoas
GALIZA	11.468.595 euros para 14.201 persoas	3.900.000 euros para 5.046 persoas

A provincia de Lugo sería a máis prexudicada, perdendo case cinco millóns de euros en catro anos

"Paréceme a salvaxada máis grande de todas as que leva feito a Consellería"

O membro da Executiva do SLG e vocal de Ternera Gallega, Xosé Álvarez Lombardero, é un máis dos afectados por este recorte das axudas. El vive no lugar de Candelos, na Fonsagrada, unha zona de montaña especialmente prexudicada.

Para Lombardero, "isto forma parte da campaña de desfeita por parte da Consellería de Política Agroalimentaria que está a padecer o medio rural e, máis aínda, a zona de montaña. Nós temos moitas máis dificultades engadidas que o resto das explotacións por estar nunha zona moi desfavorecida dende o punto de vista climático, ou en canto a recursos sociais.

Diante disto, ven agora a Consellería e saca da manga unha normativa para eliminar unha das subvencións que eu penso que debería ser incrementada, pois foi creada para compensar a escasa renda das zonas de montaña.

Polo tanto, eliminar esta subvención paréceme a salvaxada máis grande das moitas que leva feito Política Agroalimentaria. Isto é moi grave, sobre todo se temos en conta que a Unión Europea segue co mesmo orzamento, polo que me pregunto ¿onde están os cartos?, e ¿quen é a consellería para seguir estes novos baremos sen consultar co sector?.

Creo que se lle chegaron a retirar estas axudas ao 70% das explotacións que as viñan percibindo. Isto vai afectar fondamente á renda e ao desánimo de labregos e labregas".

¿Onde vai o 75% que aporta a Unión Europea para estas subvencións?

As Indemnizacións Compensatorias de Montaña son un tipo de axuda establecida pola Política Agraria Comunitaria para axudar á renda dos labregos e labregas que viven en zonas desfavorecidas e de montaña.

Esta prima especial pretende apoiar a estas explotacións porque están en inferioridade de condicións debido ás características climáticas e orográficas do medio onde desenvolven o seu traballo, e tamén polas dificultades que leva canda si vivir en zonas con altos índices de despoboamento e graves carencias de infraestructuras públicas.

Trátase dunha axuda cofinanciada na que a Unión Europea aporta o 75% da contía total e o Estado e Comunidades Autónomas o 25% restante.

Diante disto, e tendo en conta que quen xestiona as ICM en Galiza é a propia Administración Autonómica, e que Bruxelas non ten reducido a partida orzamentaria destinada a este particular, cómpre preguntarse por que razón desde a Xunta de Galiza se queren denegar estas axudas. ¿Quen reduciu os cartos dedicados a cofinanciar? ¿Foi o goberno galego ou foi o goberno español? ¿Onde foron parar eses cartos?.

Para o Sindicato Labrego Galego a decisión da Xunta de Galiza de suprimir as axudas a explotacións que están situadas en zonas desfavorecidas é totalmente inaceptábel. Estamos ante unha decisión antisocial que retira apoios económicos nas zonas rurais que máis os precisan e que vai contribuír a desertizar aínda máis o medio rural. De pouco valen propagandas como as que podemos ver nas estradas vendéndolle á cidadanía a Galiza rural se despois, día tras día, a Xunta está a facer políticas que eliminan aos labregos e labregas e, como consecuencia, destrúen ese medio rural que din defender.

nº 218
Febreiro de 2004
FOUCE

Ternera Tradicional estará dentro da IXP Ternera Gallega

Diz Guedes dá marcha atrás na súa intención de crear un selo independente para o gando de alta xenética

O pasado mes de setembro, o presidente da Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún (Acruga), Ricardo Rosón, adiantaba á prensa a intención de Política Agroalimentaria de crear unha marca denominada Ternera Tradicional, que estaría diferenciada da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega. As denuncias do Sindicato Labrego fixeron que Rosón e Diz Guedes desen marcha atrás nas súas intencións.


Aínda que Diz Guedes e Rosón falaron a finais do 2003 de crear un selo independente chamado Ternera Tradicional, as denuncias públicas realizadas polo SLG obrigaron á Consellería de Política Agroalimentaria a auspiciar que, o pasado 19 de xaneiro de 2004, os presidentes da IXP Ternera Gallega e de Acruga, Jesús González Vázquez e Ricardo Rosón, asinasen un convenio de colaboración.

O acordo permitirá á Indicación Xeográfica Protexida controlar e promover a carne procedente de tenreiros criados en explotacións tradicionais familiares baixo o selo de "Ternera Gallega Suprema Tradición Familiar". Pola súa banda, Acruga comprometerase a cumprir o regulamento da IXP Ternera Gallega e a fomentar a participación e integración dos seus asociados nesta denominación.

A contrapartida a todo isto foi a subvención de case corenta millóns de pesetas que Política Agroalimentaria dará a Acruga para que colabore co Centro Xenético de Fontao para a obtención de sementais e a producción de 275.000 doses seminais.

Un dos vocais do Sindicato Labrego Galego na IXP Ternera Gallega, Xosé Álvarez Lombardero, comentou respecto da creación deste nova variante de Ternera Gallega que "a min dáme igual que se chame Ternera Gallega Suprema, ou de Tradición Familiar. O que hai que facer, e así o vimos demandando dende sempre por parte do SLG, é que a tenreira que provén das explotacións tradicionais sexa apoiada por campañas específicas de promoción".

Lombardero basea a súa opinión "nun estudio de mercado que demostra que existe un número moi elevado de persoas que coñecen Ternera Gallega; pero o meirande descoñece que existe Ternera Gallega e Ternera Gallega Suprema. Polo tanto, nós pedimos que se lle explique claramente aos consumidores cales son as diferenciacións entrambas. Eu teño a completa seguridade de que o consumidor non sabe que a Ternera Gallega Suprema provén de explotacións familiares, e que Ternera Gallega é de producción industrial en base a grandes cebadoiros. Aínda que coñezan ambas tipoloxías, dubido moito que saiban da procedencia dunha e doutra carne. Nós o que pedimos é que haxa claridade e, despois, serán consumidores e consumidoras quen decidan.



Os montes de man común da Galiza xa se poden visitar en Internet

A Organización Galega de Comunidades de Montes, ORGACCMM, vén de pendurar na rede a súa páxina web, á que se poderá acceder a través da referencia www.orgaccmm.org.

Segundo declaracións de Celso Milleiro Fariñas, coa creación desta web, ORGACCMM pretende articular "unha arma cangada de futuro que terá que ser quen de fornecer ás comunidades de montes con ferramentas de formación, comunicación e información".

Obxeccións aos plans de Fomento en Parga

Por outra banda, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santo Estevo de Parga decidiu, tras celebrar unha asemblea o 23 de xaneiro, rexeitar por unanimidade o proxecto feito polo Ministerio de Fomento para suprimir os pasos a nivel da liña ferroviaria de Palencia á Coruña na vila de Parga. Esta decisión ministerial contou co apoio do pleno celebrado o 31 de maio de 2001 en Guitiriz.

Precisamente, os comuneiros de Santo Estevo vanlle comunicar agora ao Concello a súa oposición ao proxecto para que o poña en coñecemento dos organismos correspondentes.

O SLG aconsella regularizar os invernadoiros a pesar de seren instalacións

Nas últimas negociacións coa Consellería de Política Territorial, o SLG acadou que os invernadoiros fosen recoñecidos como instalacións, e non como construccións. Isto significa que os invernadoiros non terán que adaptarse aos requisitos esixidos pola Lei do Solo para fincas rústicas, que obriga a que as construccións agrarias non superen o 20% da parcela onde se edifiquen.

De todos xeitos, e a efectos de rexistro, é aconsellábel regularizar os invernadoiros existentes antes do 30 de abril.

Ovica renova a súa xunta directiva e organiza varias exhibicións de cans pastores

A Organización de Ovino e Cabrún de Galiza, Ovica, celebrou o pasado 20 de decembro de 2003 a súa asemblea anual.

Neste encontro, os socios e socias de Ovica repasaron as principais actividades que desenvolveron durante o ano pasado, entre as que destacou a creación da cooperativa de comercialización Coviga.

Tamén se deu conta do acordo asinado coa Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais (ORGACCMM), e da cesión dun local por parte do Concello de Allariz.

Respecto ao número de asociados, o 2003 saldouse con 155 socios e 30.000 reproductoras, despois de que houbese tres baixas e 29 novas incorporacións.

Finalmente, as persoas que asistiron á asemblea elixiron á nova directiva de Ovica, que pasará a estar presidida por Araceli Pillado Salgado. Ademais, ocupará o cargo de tesoureira, Jacinta García Pérez. Serán vocais Jesús Verdes, Eloi Prieto, Fernando García, Rafael de Las Traviesas SL, José Castro, Alfredo Márquez, Dorinda López, e María do Carme González. Finalmente, foron elixidos como asesores, Luís Lamas, Xabier Cortizo, Marta González, Xosé Manuel Prieto, Alfredo Suárez e Bernardo Varela.



As demostracións de cans pastores organizadas por Ovica reuniron a multitude de curiosos e profesionais do sector

Cans pastores

Noutra orde de cousas, Ovica organizou exhibicións de adestramento de cans pastores de raza os días 17, 18 e 19 de xaneiro en Allariz, Os Carrís (Láncara) e no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. O responsábel da destreza destes animais foi o adestrador navarro Alejandro Ibarra Artús, e os protagonistas os seus cans de raza Border Collie.

SUPLEMENTO ESPECIAL

FOUCE

Congreso Sectorial de Producción Ecolóxica

Sindicato Labrego Galego

Monforte de Lemos, 14 de decembro de 2003

Documentos aprobados

Relatorio sindical

1. INTRODUCCIÓN: ¿POR QUE FACEMOS UN CONGRESO ECOLÓXICO?

Ser labrego ou labrega nesta sociedade é fundamental e complexo. Sentímonos orgullosos de ser labregos e labregas, pero consideramos que a sociedade non valora a nosa función. Estamos desvirtuados, o noso papel de encargados de nutrir á poboación sentímolo lonxe. Manipúlannos constantemente, non participamos nas decisións políticas e económicas que nos afectan. O papel que o sistema actual nos quere adxudicar é o de simples operarios agrícolas, sen poder de decisión e fáciles de manexar.

Por iso decidimos facer este congreso do ecolóxico e plasmar aquí, dunha forma sinxela, tódolos atrancos, enganos, negativas, imposibilidades; tódolos berros asolagados, en definitiva, dos labregos e labregas que queren realizar o seu traballo. E tamén que consten as nosas ilusións e esperanzas polo futuro da agricultura ecolóxica.

Trataremos de definir a nosa función e trazar dunha forma clara o camiño de cara a onde queremos ir, aplicando solucións non para un sector específico, senón válidas para todo o colectivo de labregos e labregas que así o sintan.

Apostamos por unha agricultura ecolóxica que sexa cada vez máis importante dentro do marco da agricultura labrega, que defendemos no Sindicato Labrego Galego, e non só porque nós a practiquemos, senón porque, dentro do marco xeral de agricultura labrega, o ecolóxico é unha das solucións para manter productores e productoras polo gran valor engadido e os postos de traballo que pode xerar.

2. ¿POR QUE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA? ¿E COMO?

2.1. EFECTOS NON DESEXADOS DO CONVENCIONAL

A agricultura ecolóxica ten en común coa agricultura convencional a existencia dunha presión sobre a producción agraria que conduce a que o consumidor e a consumidora pague os mesmos prezos que hai vinte anos. Conséguese que o criterio dominante do consumidor ou consumidora sexa o prezo e non a calidade. Polos prezos explótase aos homes e mulleres do campo, nenos e inmigrantes, a terra e o futuro.

Nas últimas décadas chegou o proceso industrializador ao campo e pasouse a valorar a terra só en termos de producción, rendibilidade e competitividade, o que leva a reducir o número de labregos e labregas, co conseguinte despoboamento do rural. A labrega e o labrego tórnanse operarios agrícolas, e o negocio do campo pasa ás mans das multinacionais. Este modelo convencional lévanos a unha situación insostíbel posto que provoca:

- Un alto custo enerxético. Úsanse recursos non renovábeis, caros e contaminantes. Transforma enerxía fósil en alimentos.
- Problemas de contaminación da terra, do ar e da auga, converténdose a producción agroindustrial de alimentos nunha actividade máis das contaminantes que realiza o home e a muller.
- Destrucción da fertilidade e a erosión do solo debido á sobreexplotación da terra. O uso de adubos químicos leva á perda da estructura do solo e á erosión (procesos de desertización).
- Perda da calidade natural dos alimentos. A súa valoración unicamente polo aspecto externo, esquecendo as súas calidades organolépticas e os seus efectos sobre a saúde humana.
- Destrucción da biodiversidade. Foméntase o monocultivo e o uso de variedades e especies de alto rendemento, redúcense ou suprímense as rotacións, e altérase a paisaxe rural. Isto leva ao empobrecemento do patrimonio cultural e xenético, aparición de pragas e abuso de pesticidas.
- Dependencia dos labregos e labregas de factores externos. As labregas e os labregos dependen de intereses industriais alleos ao agro, e teñen que mercar os medios que precisan para producir (sementes, fitosanitarios, adubos, maquinaria, etcétera). Logo, o mercado escapa do seu control, os prezos non son reais e baséanse en criterios políticos e económicos neoliberais impostos dende organismos supranacionais (Estado Español, Unión Europea, Fondo Monetario Internacional, Banco Mundial, ou Organización Mundial do Comercio).
- A producción vexetal e animal deixan de ser un todo, rompéndose o sistema e pasando a ser actividades non interrelacionadas.
- Sobreproducción e colapso de prezos. Planifícanse as producións en función das axudas e non da rendibilidade desas producións e da demanda real.
- Repercusións sociais. Unha situación de paro crecente, despoboamento rural, menosprezo da figura do labrego e da labrega.
- Fomenta a desigualdade entre países pobres e países ricos (*dumping*).
- Graves enfermidades dos labregos e labregas que manipulan ou traballan

onde se usan os productos fitosanitarios de forma abusiva e sen control de ningunha clase.

2.2. A PRODUCCIÓN ECOLÓXICA

A agricultura ecolóxica enténdese, polo xeral, como unha producción complementaria a este modelo de producción industrial que acabamos de describir, e non coma un modelo de producción de alimentos sans para toda a sociedade. Neste sentido, fálase dun sector da producción ecolóxica igual que dun sector de producción de leite, de carne, etcétera.

O sistema de producción de alimentos dual que nos propoñen dende a oficialidade, e que considera a agricultura ecolóxica coma un sector, lévanos aos mesmos problemas con distintos manexos que a agricultura convencional.

Para nós, a agricultura ecolóxica labrega volve retomar o papel de transformadora da enerxía solar en enerxía alimentaria, reducindo a dependencia das enerxías fósiles. Entendemos a agricultura ecolóxica labrega coma un sistema de producción responsábel e autosuficente que integra tódalas producciónsagrarias e gandeiras, e onde se xestionan de xeito creativo os recursos naturais dos que se dispón, de maneira sustentábel, evitando ao máximo as dependencias externas.

As labregas e os labregos ecolóxicos, co noso traballo, somos restauradores da natureza degradada e da paisaxe agraria, e mantemos o patrimonio xenético, potenciando a biodiversidade. Consideramos que a sociedade debe coñecer e valorar este papel.

A producción ecolóxica labrega recupera a calidade dos productos alimenticios, de tal xeito que, dende o punto de vista das sensacións gustativas, fai que un mesmo producto sexa diferente. Dende a agricultura ecolóxica debemos defender a diversificación dos sabores nos alimentos fronte á uniformidade que defende a agricultura convencional. Os diferentes sabores, cores, tamaños, etcétera, dun mesmo producto producido en sitios diferentes, non implica que sexa mellor ou peor; simplemente é distinto.

Desexamos presentar unha alternativa real e viábel para obter alimentos suficientes sen destruír o solo, o entorno ou a saúde dos consumidores e das consumidoras, das labregas e dos labregos; e que estes alimentos, pola súa calidade, manteñan as súas características organolépticas e nutricionais.

A agricultura ecolóxica labrega supón a recuperación da vida rural, a potenciación do traballo agrario e o afianzamento dunha sociedade rural que sirva de base para o desenvolvemento doutro tipo de actividades (turismo rural, artesanías, etcétera), xerando así un conxunto de productos alimentarios e doutro tipo para comercializar en circuítos curtos, nos que a relación de confianza que se establece entre consumidores e consumidoras, e labregas e labregos, é moi importante.

A agricultura ecolóxica labrega non ten como obxectivo abrir un mercado máis, senón que xurde dunha necesidade real de afrontar as ameazas sobre a saúde dos homes e das mulleres, dos animais, das terras, da auga, do ar, e da sociedade.

3. PROBLEMAS ACTUAIS E TENDENCIAS DA AGRICULTURA ECOLÓXICA

3.1. PROBLEMAS DA AGRICULTURA ECOLÓXICA

3.1.1 COMERCIALIZACIÓN

O mercado non está pensado para proporcionar á sociedade alimentos labregos ecolóxicos, senón para a grande distribución. Non hai infraestruturas para a comercialización, nin apoio para crealas. As xa existentes, como mercados e feiras, están sufrindo unha presión moi forte para a súa desaparición.

Por outra banda, tamén supón un atranco a falla de información das consumidoras e dos consumidores e a confusión que se fomenta dende as administracións públicas, con outros modelos coma agricultura integrada, falsos bio, etcétera.

3.1.2 CONTROL E CERTIFICACIÓN

O control e a certificación dos productos ecolóxicos nace dunha perversión. Consiste esta en que na producción convencional dos alimentos permite o uso de toxinas e substancias químicas perigosas para a saúde e o medio ambiente. A que debería ser controlada é a producción e venda desas substancias tóxicas e a certificación correspondente nos alimentos. Desgraciadamente é ao revés. Os labregos e labregas ecolóxicos certificados están sometidos a toda a burocracia e ao gasto engadido do control e certificado.

O funcionamento dos organismos de control da agricultura ecolóxica non esta sendo moi eficaz, agás algunha excepción. O caso de Galiza é un exemplo desta ineficacia levada ao extremo. Este organismo estase a converter máis nun freo que nun apoio, máis nun órgano policial e castigador que nun órgano que nos axude a potenciar a agricultura ecolóxica. O feito de que non exista un regulamento interno, o escurantismo, a desinformación, e que se xestione coma un club de amigos, deixa aos labregos e labregas inscritas nunha grave situación de indefensión.

Neste intre tampouco se ten en conta, á hora de dar as certificacións, criterios sociais, de protección medioambiental e sustentabilidade, de eficiencia enerxética no cultivo, distribución e venda.

3.1.3 REGULAMENTACIÓN E AXUDAS

En canto á regulamentación, topamos que esta non se adapta para nada ás nosas necesidades de labregas e labregos; é máis, vai na liña contraria, de apoio ao modelo de agricultura ecolóxica industrial, desvirtuando por completo a producción labrega artesán.

O mesmo problema topamos coas axudas, que non se adaptan ás nosas circunstancias:

- Non existen axudas que permitan realmente a reconversión.
- As axudas son á superficie cultivada, cuns mínimos establecidos que non teñen nada que ver coa realidade galega, co que os labregos e labregas vense prexudicadas por non considerar as condicións xeográficas, topográficas e a distribución da propiedade na Galiza.
- Non se ten en conta, á hora de conceder as axudas, os postos de traballo que crea a agricultura ecolóxica pola súa necesidade de máis man de obra.

É necesario que se teñan en conta as particularidades do modelo ecolóxico labrego e que a lexislación non impoña determinadas actuacións que son de obrigado cumprimento no modelo convencional, pero que van en contra da esencia do modelo ecolóxico (desparasitacións, vacinas, etcétera).

3.1.4 SEMENTES E INSUMOS

Aos gobernos, condicionados cada vez máis polas multinacionais, non lles interesa para nada o desenvolvemento da agricultura ecolóxica labrega, se non é controlada por eles. Estas empresas multinacionais controlan o patrimonio xenético e deixan pouca marxe para a obtención e conservación de sementes autóctonas, sendo cada vez máis difícil atopar variedades adaptadas. Por outra banda, están introducindo organismos xeneticamente modificados que ameazan gravemente a agricultura ecolóxica.

Tamén estas grandes empresas están entrando na comercialización dos insumos ecolóxicos (paquetes tecnolóxicos, depredadores, adubos, etcétera), establecendo monopolios que controlan os prezos e xeran unha excesiva dependencia. Ao mesmo tempo, a concentración empresarial da distribución e a unificación dos modos e modelos de comercialización están eliminando do mercado variedades autóctonas e impondo variedades que responden ás características de este mercado.

3.1.5 FORMACIÓN

A formación actual está desprezando o sermos labregos e labregas, e des-

preza a experiencia ecolóxica acumulada a través das xeracións anteriores. Non esta pensada como unha continuidade do coñecemento local, senón como a introducción dunha tecnoloxía nova escindida da tradición. O desprezo á tradición oral labrega da Galiza e a contraposición do coñecemento técnico científico é o exemplo máis claro diso. Tampouco é cuestión de volver ao pasado, senón de adaptar o coñecemento acumulado aos tempos de hoxe.

A formación é imposta, controlada, insuficiente, e non coincide coas necesidades reais das labregas e labregos. Máis ben son necesidades creadas, e considérasenos coma un instrumento máis na producción de alimentos, pero con capacidade de compra.

3.2. TENDENCIAS DA AGRICULTURA ECOLÓXICA

Posto que a agricultura convencional non é sostíbel, as políticas oficiais desenvolven a "agricultura ecolóxica industrial". A tendencia que observamos neste modelo é a adopción da estratexia convencional, substituíndose uns insumos por outros, sen respecto ás leis da natureza, especialmente á biodiversidade. Con isto, a agricultura ecolóxica industrial conviviría coa agricultura convencional, coma un "sector" dentro dun modelo dual no cal non se cuestiona a producción de alimentos sans nada máis que para un sector da poboación. Esta tendencia levaranos nuns anos a que o mercado ecolóxico estea en mans das multinacionais, coma sucede no caso austríaco, quedando a labrega e o labrego relegados ao papel de operarios, primando a productividade e a competitividade fronte a outras consideracións. As experiencias que resultan dos esforzos deste sindicato e outras entidades, tanto nacionais como internacionais, demostran que este non é o único camiño viábel. Non queremos, polo tanto, que esta agricultura ecolóxica industrial usurpe o noso lugar.

4. PROPOSTAS E CONCLUSIÓN

4.1. PROPOSTAS

4.1.1. COMERCIALIZACIÓN

Os nosos esforzos e decisións débense enfocar a ter control ou influencia dos productores sobre a comercialización.

Na comercialización hai dúas vías importantes: a venda á grande distribución ou á industria, e a venda directa. Na venda á industria, a remuneración da calidade do producto será a través do prezo, prezo que ten que ser negociado con nós e que terá que cubrir o traballo e os custos de producción. Os prezos fixaranse en función de volumes de producción por persoa activa, para o cal ten que haber unha intervención da Administración para regular o mercado. A curto prazo, teremos que mobilizarnos como labregos e labregas, buscando o apoio social, para que os prezos non sexan fixados unilateralmente pola grande distribución, que está facendo presión constantemente á baixa. A loita pola remuneración do traballo é algo a levar conxuntamente no Sindicato Labrego Galego.

As axudas ao ecolóxico non poden ir a abaratar o producto para a venda, porque si é así, o único que supón é un transvase do diñeiro de todos e todas á grande distribución e á industria, quedando os labregos e labregas sen uns prezos dignos. A axuda só se entende si remunera aquelo que o mercado non pode pagar a través do prezo: as funcións sociais, ambientais e culturais que a agricultura labrega en xeral aporta, e que están acrecentadas en valor na agricultura labrega ecolóxica.

Na venda directa as nosas propostas concrétanse en:

- Afondamento na relación entre labregos e labregas, e consumidores e consumidoras, para que sexan coñecedores da nosa forma de cultivar
- Potenciar as feiras e mercados nos que teñamos cabida, e defender a súa existencia fronte aos intentos de eliminación.
- Fomentar o asociacionismo entre consumidores e consumidoras para dinamizar as relacións.
- Todas estas medidas para darnos a coñecer conseguen crear uns lazos de confianza do consumidor e da consumidora cos labregos e labregas, que moitas veces é o mellor aval que precisamos para poder vender.
- Damos cabida a outros modelos alternativos de comercialización formados por unha rede de labregas e labregos, e consumidoras e consumidores, con compromisos mutuos recoñecidos en cartas labregas.
- Para nós, os circuítos curtos son canles comerciais cun mínimo de intermediarios, onde productores e productoras, e consumidores e consumidoras, controlamos o noso mercado. Os circuítos curtos de comercialización son os máis consecuentes coa nosa forma de producción, os máis rendíbeis e os máis ecolóxicos.
- Temos que ser o menos dependentes á hora de vender, polo tanto é moito máis arriscado vender a multinacionais que a un grupo de consumidoras e consumidores.
- Hai que promover que se consuman alimentos ecolóxicos nos colexios, hospitais, asilos, cárceres, restaurantes, etcétera.
- Afastarnos da idea de que os alimentos ecolóxicos son só para un mercado elitista. Isto é pórnos un límite e contradí tódolos nosos principios. A alimentación san é un dereito para todos e todas, e nós reclamamos o dereito a producir a un prezo xusto para labregos e labregas e consumidores e consumidoras.
- Articulamos nós as nosas redes de comercialización (posibilidade de troco nas nosas transaccións).
- Como colectivo de agricultoras e agricultores ecolóxicos teriamos que axudar a compañeiros labregos e labregas e animalos a dar o paso ao ecolóxico, sempre dende unha relación de camaradería, e non dende unha perspectiva de superioridade; e sen culpalos dos erros que o modelo productivo ocasiona, e mesmo tentar facer presión, a quen teña competencia, para facilitarlle terras a futuros labregos e labregas que non dispoñan dela.
- Dinamizar as empresas familiares de transformación e conservación artesán ligadas ás nosas producción.
- Debemos fomentar a difusión da imaxe dos productos e dos productores e productoras, e crear novas formas de difusión de información.

4.1.2. CONTROL E CERTIFICACIÓN

4.1.2.1. Control e certificación dos productos ecolóxicos: Para que a agricultura ecolóxica labrega sexa unha solución de futuro debe contemplar ó labrego e á labrega como a peza máis importante na producción de alimentos saudábeis, e como coidador e coidadora do entorno. Os organismos públicos competentes deberán facer análises periódicas gratuítas dos alimentos comercializados do xeito menos burocrático posíbel, utilizando laboratorios oficiais.

Cremos necesario, polo tanto, que o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza sexa un órgano independente, público e gratuíto, que debe funcionar adecuadamente e aprobar o antes posíbel o seu Regulamento Interno.

4.1.2.2. Control e certificación de máis aspectos ambientais, éticos e sociais: A certificación ten que incluír a avaliación de máis aspectos, non só que as producción estean libres de contaminantes, senón tamén que a súa embalaxe sexa ecolóxica, o transporte racional, que protexan o medio ambiente, e dotala dunha dimensión ética e social.

Todo órgano certificador deberá ser democrático e contar coa participación activa das organizacións de labregos e labregas. Tamén deberá contar coa participación activa das organizacións de consumidores e consumidoras, xa que a eles e elas van destinados os alimentos que producimos. Toda certificación deberá partir da presunción de inocencia, xa que somos nós, os labregos e labregas, as máis interesadas en

gañar e manter a confianza dos consumidores e das consumidoras.

4.1.3. REGULAMENTACIÓN E AXUDAS

Propomos a adaptación dos regulamentos dos órganos de control, que teñan en conta e apoien a producción ecolóxica labrega. Estes organismos tamén deben fomentar a ecoloxización da producción convencional, por exemplo puxando pola eliminación de productos químicos moi doentes e usados sen ningún control.

Tamén propomos a elaboración, en cada caso, de Cartas Labregas que detallarán o xeito de producción e control. Ditas Cartas serán redactadas polas organizacións correspondentes de labregos e labregas e consumidores e consumidoras, e serán un compromiso mutuo.

En canto ás axudas terán que ser concedidas non en base a superficies, senón máis ben tendo en conta o número de labregos e labregas que traballan en cada labradío, e adaptadas á realidade galega.

Demandamos axudas baseadas en:

■Creación de infraestructuras de comercialización axeitadas que garantan prezos fixos que remuneren o noso traballo.

■Formación e información da producción ecolóxica labrega aos labregos e labregas e á sociedade en conxunto.

■Promoción entre os consumidores e consumidoras desta alimentación, pola súa importancia para a saúde, o entorno e a economía do país.

■Apoio real e decidido para acceso á terra e a infraestructuras productivas que se abandonan para toda persoa que opte por ser labrega.

■Apoio real para as explotacións en período de reconversión, adaptándoas ao número de persoas labregas que sustentan, e ao obxectivo final de consecución de alimentos e eidos sans e de calidade.

En todo caso, o prezo garantido remunerará a calidade do producto, quedando as axudas para remunerar a labor multifuncional: ocupación do territorio, mantemento de emprego e respecto do medio ambiente. Ademais de axudas especificas para o desenvolvemento da agricultura ecolóxica como as que levamos exposto.

Para que as axudas aos labregos e labregas cumpran esta función e non se convertan en especulación, teñen que ser moduladas e limitadas por persoa que traballa na explotación (sen contar asalariados e asalariadas).

4.1.4. SEMENTES E INSUMOS

Levar a cabo medidas encamiñadas a erradicar os organismos xeneticamente modificados. Sabemos da importancia que teñen as variedades autóctonas, rústicas, adaptadas a cada lugar, que debemos recuperar e caracterizar, tanto as sementes coma os coñecementos labregos ligados a elas, así como fomentar o seu cultivo e consumo, baixo métodos de agricultura ecolóxica. Teriamos que tomar consciencia do noso papel como conservadores e deseñadores de patrimonio xenético. Temos que tratar de eliminar tódalas barreiras que nos imposibiliten o cultivo, intercambio, compra e venda destas sementes. O control sobre as nosas sementes pode ser o eixo dinamizador da forma de producción labrega. En canto aos insumos ecolóxicos, serán os mínimos imprescindíbeis.

4.1.5. FORMACIÓN

Teriamos que ser nós, as labregas e os labregos, os que decidamos que tipo de formación precisamos en cada momento. Podemos xestionar a nosa formación decidindo cando, como, onde, quen e que información queremos. Entendemos a formación como algo máis dinámico que parte de nós. Valorar os coñecementos tradicionais dos labregos e labregas da Galiza e transmitilos mediante visitas aos distintos labradíos. Achegarnos ás distintas institucións e promover un tecido formativo e investigador, tanto no eido do proceso productivo como no estudio do producto final (definir as calidades, relación entre alimentación e saúde, efectos dos contaminantes que inxerimos, etcétera). Formar e informar tanto a productores e productoras como a consumidores e consumidoras, empezando esta formación polos colexios.

4.2. CONCLUSIÓN

Vemos como unha ferramenta de traballo moi importante a reunión e organización dos labregos e labregas. Polo tanto, igual que temos un tempo para sementar e sachar, temos que dedicar tempo a reunirnos para ver como nos organizamos; podemos facer intercambios, potenciar a rede de sementes que dende o Sindicato Labrego Galego se intenta levar adiante.

Consideramos que o desenvolvemento do modelo de producción labrego ecolóxico é clave para asegurar e revitalizar a dignidade e o feito de sermos labregos e labregas, productores de alimentos sans, e concienciar a sociedade no seu conxunto.

Desexamos uns productores e unhas productoras responsábeis, uns consumidores e consumidoras esixentes e responsábeis do seu acto de consumo, e unha administración non dialogante e imparcial, que obrigue a respectar o medio ambiente con técnicas de cultivo menos agresivas e industrializadas.

Apostamos por unha sociedade ben alimentada, un medio ambiente coidado e, en definitiva, por un mundo mellor onde as labregas e os labregos ecolóxicos xogaremos un papel moi importante.

Relatorio organizativo

Para ir na dirección das propostas presentadas no relatorio sindical, o Sindicato Labrego Galego débese dotar dunha organización que oriente o labor, tanto para o propio funcionamento como para difusión.

Proponse crear a "Dirección Transversal de Agroecoloxía" como órgano de decisión sobre todo o que afecte aos temas ligados á producción ecolóxica, entre asembleas sectoriais. A dirección constará de oito membros. Como mínimo, unha vez ao ano convocarase unha asemblea de afiliados e afiliadas ecolóxicas, e cantas veces máis decida a devandita Dirección.

De xeito regular, reunirase a Dirección Transversal de Agroecoloxía en xuntanzas abertas ao resto da afiliación, que serán o órgano de decisión entre asembleas.

A difusión e extensión do modelo sindical e organizativo do Sindicato Labrego Galego realizarase, cun papel central dos labregos e labregas, mediante:

■A realización das actividades colectivas de formación, encontros sectoriais, cursos, etcétera, tal e coma ven realizando o Sindicato Labrego Galego nos derradeiros tempos.

■A participación de afiliadas e afiliados nos contactos con persoas interesadas. Concretamente, determinaranse unha serie de productoras e productores aos que dirixir as chamadas de persoas interesadas, para que se estableza un contacto entre labregos e labregas.

■Determinaranse contactos por zona dentro do persoal laboral do Sindicato Labrego Galego, que serán os enlaces da producción ecolóxica dentro do sindicato. Este persoal acompañará aos productores e productoras no seu labor sindical.

■Todo isto debe ser coordinado a nivel nacional.

A suba dos pensos agravará en Galiza a crise do sector gandeiro

A falta dunha política de terras provoca a excesiva dependencia dos alimentos fabricados pola industria

A política errónea da Consellería de Política Agroalimentaria de reforestar de terras agrarias, en troques de destinalas á producción de forraxes naturais, vai facer especialmente vulnerábeis aos gandeiros e gandeiras da Galiza diante da escalada de prezos dos pensos motivada pola secas, un fenómeno que provocou que os custes de producción nalgúns sectores gandeiros subisen ata un 25% nos últimos catro meses.

A política de uso das terras agrarias que desenvolve a Consellería de Política de Política Agroalimentaria vai deixar desasistidas ás explotacións gandeiras de Galiza diante da suba nos prezos dos pensos prevista para este ano.

Como ben sabemos, a Xunta de Galiza vén apostando, dende vello, por xubilar a boa parte dos labregos e labregas, e por dedicar as terras agrarias abandonadas á producción de madeiras para a industria, coa reforestación masiva das leiras con especies como o eucalipto ou o piñeiro.

Unha das consecuencias de todo isto é que, en Galiza, padecemos un agudo déficit na producción de proteína vexetal en forma de forraxes con destino á alimentación animal. Isto fainos enormemente dependentes do exterior á hora de nutrir á nosa cabana gandeira, o que se vai notar moito agora que van subir os prezos dos pensos.

As previsións apuntan a que a suba no valor do penso provoque unha alza do 20% nos prezos da carne de polo, e do 10% na de porco e tenreira. O SLG pediralle á Consellería de Política Agroalimentaria que traballe para tentar que esta nova suba nos custes da producción gandeira non a acaben pagando, coma sempre, os labregos e labregas, pois aínda que os prezos dos productos agrarios tenden a subir de cara á cidadanía, de cara á producción a tendencia é á baixa.



O SLG defende unha alimentación animal en base á terra, máis natural e con menos dependencia dos insumos industriais

Nembargantes, as medidas inmediatas que se poidan tomar a este respecto non deixan de ser un parche que non soluciona definitivamente o problema. Para o SLG, a solución pasa por que a Xunta deteña a súa política de forestación das terras agrarias e comece a recuperalas para dedicalas a usos como o de producción de pastos, forraxes e proteína vexetal. Ademais, Política Agroalimentaria debería apostar por desenvolver unha producción gandeira en base á terra fronte á de cebadeiros intensivos fortemente dependentes da compra de insumos coma pensos. Para iso, deberían poñerse en marcha os medios técnicos e humanos necesarios para buscar na producción de proteína vexetal unha alternativa viábel ao consumo de pensos en Galiza.

Polo demais, este déficit de proteína vexetal estao a sufrir a Unión Europea dende que asinou con Estados Unidos os acordos de Blair House, que obrigaron a un descenso da producción de proteaxinosas e oleaxinosas e a facérmonos dependentes das importacións exteriores, que cobren dous tercios das necesidades dos Quince con grans, torta e fariña de soia. O déficit en materias ricas en proteína na Unión Europea pasou dun 62% na campaña de 2001 a 2002, a un 77% na de 2002 a 2003.

A quebra de Parmalat pon no punto de mira á política leiteira da Unión Europea

O gran xigante italiano do leite, a empresa Parmalat, vén de declararse en quebra financeira por mor dunha fraude contábel multimillonaria perpetrada polos seus directivos e que rematou cun burato de máis de 14.000 millóns de euros.

Para a Coordinadora Labrega Europea (CPE) isto "dá proba das prácticas en curso no mundo financeiro e dun menosprezo cara aos numerosos productores agrícolas e asalariados".

A CPE esixiu unha rápida revisión da política leiteira da Unión Europea (UE), e que se declaren como acredores prioritarios, recibindo unha indemnización urxente, "ás decenas de milleiros de productores de leite que, en Italia e outros países, repartiron o seu leite a Parmalat sen cobrar".

Para a CPE, "este escándalo corre o risco de desestabilizar aínda máis un mercado europeo de leite que a Política Agraria Común mantén voluntariamente en excedente.

En troques de adaptar a producción ao mercado interior, a UE preferiu baixar o prezo do leite e aumentar a producción, namentres que a sensatez impón facer o contrario. Pero a UE favorece aínda máis os intereses das grandes empresas lácteas, que queren abastecerse aos máis baixos prezos, que os dos productores e consumidores".

A soberanía alimentaria foi tema central do Foro Social Mundial

A cidade india de Mumbai foi a sede do cuarto Foro Social Mundial, que reuniu a milleiros de persoas de todo o mundo para poñer en común experiencias e ideas alternativas á globalización.

No eido da agricultura, Vía Campesina organizou o Foro Mundial Labrego. Os principais temas a debate foron a reforma agraria, os dereitos de labregos e labregas, os transxénicos, o fracaso da Organización Mundial do Comercio (OMC) e a soberanía alimentaria.

Entre os colectivos asistentes atopábase a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), coa que colabora o Sindicato Labrego Galego. O representante de COAG en Mumbai, Javier Sánchez, criticou as prácticas da OMC "nun foro onde os países máis industrializados pretende desarmar os mecanismos arancelarios dos países menos desenvolvidos para poder venderlles tecnoloxía e servicios, a cambio de que estes países accedan aos mercados do primeiro mundo coas súas producción agrícolas".

Diante disto, Javier Sánchez contrapuxo "a soberanía alimentaria, que é o dereito de cada país a deseñar e poñer en marcha a súa propia política agraria, o cal se presenta como a solución ao actual esquema da OMC e ao poder case absoluto que a mesma outorga ás grandes empresas de distribución e comercializadoras de alimentos. Ademais, a soberanía alimentaria fomenta o




dereito a unha alimentación de calidade e a un prezo razoable para todo o mundo, baseada nunha producción de tipo familiar, que respecta a biodiversidade, a identidade cultural e o medio ambiente. Durante o Foro Labrego, tamén se reivindicou a importancia do papel que desempeñan os labregos e labregas para o conxunto da sociedade e traballouse na creación da Carta dos Dereitos dos Labregos e Labregas.

A superficie cultivada de OXM medrou un 15% no mundo

O Ministerio de Agricultura recoñece que en España aumentou un 33%

O Servicio Internacional para a Adquisición de Aplicacións Agrobiotecnolóxicas (ISAAA) vén de publicar o seu informe anual sobre a evolución da superficie cultivada de transxénicos no mundo. Nesta ocasión, o medre global volveu superar o 10%, sen que ningún país conseguise sacar do podio aos Estados Unidos e Arxentina.



A producción de millo transxénico en España concéntrase nas zonas máis escuras do mapa

O informe do ISAAA destaca o aumento dos cultivos transxénicos nun 15% no ano 2003, acadando unha superficie global de 67'7 millóns de hectáreas. Desta superficie, case un tercio atópase en países en vías de desenvolvemento.

De todos xeitos, son só seis países os que concentran o 99% dos cultivos transxénicos mundiais: Estados Unidos, con 42'8 millóns de hectáreas; Arxentina, con 13,9 millóns; Canadá, con 4'4 millóns; Brasil, con tres millóns de hectáreas cultivadas de xeito ilegal; China, con 2'8 millóns de hectáreas de algodón transxénico; e Sudáfrica, con 400.000.

Pola súa banda, Greenpeace cualificou ao ISAAA como "un organismo privado financiado por empresas como Monsanto, Syngenta ou Aventis, e que serve de instrumento propagandístico á industria dos transxénicos".

A organización ecoloxista tamén esixiu ao Ministerio de Agricultura que ofrecese "datos veraces sobre os transxénicos en España", ao que a carteira que dirixe Cañete contestou que non poñerá esa información á súa disposición.

O millo transxénico autorizado en España causou a morte de doce vacas en Alemaña

No caso de España, o informe di, textualmente, que "seguiu sendo o único país da Unión Europea que sementou unha superficie importante con cultivos biotecnolóxicos, 32.000 hectáreas de millo Bt, o que supuxo un aumento do 33% respecto do ano pasado".

Para o Ministerio de Agricultura debía ser esta unha porcentaxe baixa, pois recoñeceu que o aumento dos transxénicos no Estado foi dun 38%. As principais Comunidades Autónomas que cultivan transxénicos son: Aragón, con 12.950 hectáreas; Castela A Mancha, con 8.171; Cataluña, con 5.278; Estremadura, con 1.633; Andalucía, con 12.905; e Navarra, con 1.401 hectáreas.

Pola contra, en Baleares e na Comunidade Valenciana se está a erradicar o cultivo; algo que xa se fixo no 2001 en Castela León e A Rioxa. Polo de agora, Galiza non aparece no informe. A zona máis próxima que cultiva transxénicos é Asturias, con seis hectáreas.

Greenpeace destaca que o millo transxénico, que é o cultivo manipulado permitido en España, non chega nin ao 7% do millo cultivado no Estado. Greenpeace engade que o aumento en España débese "ao millo Bt 176, que o Goberno Español permite dende 1998 e que está a supor un grave impacto para a agricultura e o medio ambiente. De feito, este tipo de millo está relacionado coa recente morte de doce vacas no estado de Hesse, en Alemaña".

O Ministerio de Economía non ve irregularidades na suba de prezos de hortalizas e froitas

O Servicio de Defensa da Competencia, dependente do Ministerio de Economía, vén de publicar un informe no que se afirma non ter atopado ningún indicio de irregularidade na forte subida dos prezos de froitas e hortalizas frescas en agosto.

Segundo o informe, estas subas de prezos, das que non se beneficiaron labregos e labregas, debéronse a factores puntuais como a falta de oferta no mercado e unha grande demanda de consumo, amais da vaga de calor que limitou as colleitas.

A pesar de que o Ministerio de Economía pretende agachar, con este informe, o miolo do problema dos prezos agrarios, houbo voces de desacordo con esta interpretación da realidade.

Denuncias de COAG


Así, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) denunciou que o informe gobernamental esquece a singularidade da producción agropecuaria, onde "a oferta é dispersa e moi numerosa, e a distribución atópase moito máis concentrada e organizada", o que provoca "unha tensión permanente de prezos de orixe á baixa e de prezos ao consumidor á alza".

De todo isto derívanse as grandes diferencias existentes entre os prezos en orixe e destino.

COAG tamén lembra que a vaga de calor puido incidir algo no aumento dos prezos, pero sen chegar a ser un factor determinante, pois no 2002 tamén houbo desaxustes climáticos semellantes sen que se producise un aumento nos prezos.

Para COAG e o SLG, o Goberno debería establecer medidas que eviten a diminución drástica dos prezos en orixe, de xeito que se manteña un valor dos productos agrarios suficiente para remunerar o traballo e cubrir os custes de producción.

Para iso, habería que pór en marcha medidas políticas como unha regulación axeitada do mercado que evite a diminución dos prezos en orixe, mellora das estructuras de transformación labregas, e unha implicación maior dos poderes públicos á hora de que os contratos entre os sectores productivos e a industria sexan máis equitativos.



A Xunta fomenta o subemprego das mulleres labregas galegas

Asuntos Sociais non permite que coticen á Seguridade Social as persoas que coidan familiares enfermos

A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego denunciou, en xaneiro, que as axudas convocadas pola Consellería de Asuntos Sociais para o coidado de persoas maiores van provocar unha maior precariedade laboral das mulleres labregas. Requisitos como unha renda per cápita familiar inferior ao 70% do salario mínimo, ou a prohibición de cotizar á Seguridade Social, non axudarán a mellorar as condicións do traballo feminino no agro.

A Consellería de Asuntos Sociais esixe, para acceder a este tipo de axudas, que a persoa maior a coidar teña unha dependencia severa, que a familia que o acolla non teña unha renda per cápita superior ao 70% do salario mínimo interprofesional (é dicir, 322 euros), ou que a persoa que se ocupe de atender ao enfermo non cobre ningún tipo de remuneración e non estea cotizando á Seguridade Social.

Todos sabemos que, no meirande dos casos, son mulleres quen se encargan de coidar aos membros enfermos da súa familia. Asuntos Sociais, en troques de recoñecer este traballo que fan, crea os condicionantes necesarios para que se manteña agachado. Así, as mulleres que coidan de familiares enfermos van seguir desempeñando o seu labor en forma de traballo mergullado, sen ningún tipo de cobertura nin asistencia futura por non poder cotizar á Seguridade Social. E isto faise a cambio dunha cantidade misérrima de 180 euros mensuais por enfermo, en caso de que se atenda a un; ou 272 euros mensuais por coidador se cómpre asistir a máis dun maior.



As axudas da Xunta non propician que os nosos maiores sexan atendidos por profesionais de xeriatría

No caso das mulleres labregas, que adoitan a realizar o seu traballo na explotación sen cotizar á Seguridade Social, este tipo de axudas poden facer que desistan de regularizar a súa situación laboral, hipotecando así unha futura xubilación.

Polo demais, a renda per cápita esixida vai excluír de cobrar estas axudas a moitísimas familias que están obrigadas que coidar a persoas maiores, pois cómpre ter uns ingresos moi baixos para cumprir este baremo.

A Administración debería custear o contrato de profesionais

Para a Secretaría da Muller do SLG, estas axudas convocadas por Asuntos Sociais están enfocadas de xeito erróneo, xa que en troques de liberar ou aliviar á familia da carga dun membro enfermo que depende de coidados constantes, na medida do posíbel e coa contratación de profesionais; fomenta un traballo feito por persoas, no meirande dos casos mulleres, sen coberturas sociais nin preparación sanitaria.

Para a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego, a Administración, se de verdade quere solucionar este problema, debería custear a contratación de profesionais que liberen deste tipo de cargas ás familias, e non crear axudas que promoven xusto o contrario.

Vigo acollerá en maio a Marcha Mundial das Mulleres

A coordinadora europea da Marcha Mundial das Mulleres decidiu celebrar en Galiza a mobilización europea do ano 2004, en solidariedade coas mulleres do noso país despois da catástrofe do Prestige. Este evento internacional celebrarase en Vigo durante os días 22 e 23 de maio baixo o lema "Por unha Europa de todas: diferentes si, desiguais non".

A marcha mundial é unha rede feminista internacional que naceu no ano 2000 por iniciativa da Federación de Mulleres do Quebec (Canadá), e para traballar por un mundo máis xusto e democrático, en paz e igualdade. Os obxectivos fundamentais deste movemento son a loita contra a pobreza e contra a violencia.

A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego é unha das organizacións que forman parte da Marcha Mundial de Mulleres na Galiza, achegando a perspectiva das mulleres labregas e do medio rural, e aproveitando a posibilidade de traballo conxunto con outras organizacións de mulleres que teñen os mesmos obxectivos ca nós.

Dende a Secretaría da Muller estase xestionando o modo de participación de



Mulleres de todo o mundo terán unha cita común na cidade de Vigo

tódalas compañeiras que estean interesadas, tanto nas actividades, desprazamento e aloxamento; como nos traballos de preparación dos obradoiros que recollen diferentes perspectivas da condición das labregas.

As mulleres interesadas en participar, poden poñerse en contacto co seu local do Sindicato Labrego Galego máis próximo para recibir información, ou chamar a Isabel Vilalba ao teléfono 982 121376.

Condena das declaracións de Fraga polo caso de Toques

A Secretaría da Muller fixo pública a súa máis firme condena ás manifestacións do Presidente da Xunta, Manuel Fraga, nas que restou importancia á condena por abusos sexuais a unha menor que se lle impuxo ao alcalde de Toques, Jesús Ares, do PP.

A Secretaría da Muller acusou Fraga de "lexitimar aos acosadores", e criticou a continuidade no poder do rexedor toquense, o cal "constitúe un efecto penoso da impunidade coa que os acosadores poden acometer estes actos delictivos. Resulta moi frustrante para as mulleres ver como se ampara a delincuentes".

Un informe da Unión Europea denuncia a precariedade das mulleres labregas

Rodi Kratsa, relatora da Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Oportunidades, vén de publicar un informe que debería dar que pensar á xente que nos goberna. Entre outras cousas, di:

- "O 37 por cento da man de obra rural da Unión Europea son mulleres que realizan unha contribución fundamental á producción total e ó desenvolvemento rural e establecen un vencello significativo entre producción e consumo".
- "Unha de cada dúas agricultoras traballa en réxime de *agricultora colaboradora*, con condicións especialmente desfavorábeis (...) como remuneración, seguridade social, asistencia sanitaria, pensión de xubilación e evolución profesional".
- "A porcentaxe de labregas que administran explotacións agrarias é excepcionalmente reducido".
- "A educación e a formación das labregas rexistran un nivel sumamente baixo".
- "A participación da mulleres en cooperativas e organizacións agrícolas dista de ser satisfactoria".
- "O desemprego nas zonas rurais afecta en maior medida ás mulleres ".

Congreso sectorial de Vacún de Carne

Lugo, 14 de febreiro de 2004

Centro Uxío Novoneyra (na segunda pranta da Praza de Abastos vella, na rúa Quiroga Ballesteros). Comezo: 10.30 horas

Congreso sectorial de Vacún de Leite

Arzúa, 21 de febreiro de 2004

Casa de Cultura (na estrada a Compostela, á saída da vila). Comezo: 10.30 horas

Se desexan máis información sobre calquera destes dous eventos, consulte en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego

Consiga un seguro máis barato para o seu coche no Sindicato Labrego Galego

Agora pode conseguir un seguro máis barato para o seu coche a través do Sindicato Labrego Galego. Se vostede é afiliado ou afiliada ao SLG, ten máis de 28 anos, e máis de dous anos de antigüedade no carné, non dubide en acudir á súa oficina do SLG coa poliza que teña en vixencia na actualidade; procuraremos facerlle un mellor prezo.

Ademais, o SLG segue ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de casos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Deste xeito, o SLG esforzouse para acadar as mellores condicións e avantaxes posibles para poder mellorar na prestación dos servicios ofertados aos seus afiliados e afiliadas, en particular; e aos labregos e labregas da Galiza, en xeral.

Así, a partir de xaneiro, todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras entidades como se é a primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar as condicións e avantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Estas avantaxes serán dobres, xa que se van beneficiar, por unha banda, as explotacións; e pola outra, o propio sindicato, xa que disporá de máis medios e coñecementos para facer as propostas pertinentes ante os organismos que controlan todos os asuntos relacionados cos seguros agrarios e coas subvencións que estes reciben.

Programa de mellora técnica e desenvolvemento sostíbel dos procesos productivos agrícolas

Orde do 23 de decembro de 2003 na que se establecen as bases para as axudas para programas agrarios de mellora técnica e desenvolvemento sostíbel dos procesos productivos agrícolas para o ano 2004. O prazo remata o 1 de marzo de 2004. Máis información en calquera oficina do SLG.

Mellora e modernización das estructuras de producción das explotacións agrarias

Orde do 23 de decembro pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estructuras de producción das explotacións agrarias para o ano 2004. O prazo remata o 5 de marzo de 2004. Máis información en calquera oficina do SLG.

O prazo para regularizar a superficie de viñedo amplíase ata o 30 de abril

A Consellería de Política Agroalimentaria vén de ampliar os prazos para a obtención de dereitos de replantación e de presentación de solicitudes para a regularización de superficies de viñedo ata o 30 de abril de 2004.

Se desexan máis información, poden preguntar en calquera oficina do SLG.

Viaxe á Feira de Producción Ecolóxica de Lleida

O SLG está organizando unha viaxe á Feira de Producción Ecolóxica de Lleida. Aínda que non hai data fixada, podería ser na primeira fin de semana de marzo. Ademais de visitar o evento feiral, tamén se establecerían contactos cos compañeiros e compañeiras da Asemblea Pagesa. Para poder realizar esta viaxe precísase que notifiquedes o voso interese en participar o antes posíbel. Preguntade por Xan non 982 231 154, ou por Isabel no 696 786 872.

¡Afilitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF: .....
Enderezo:.....
Tlf:..... Concello:..... C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.
Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....
Titular da conta ou libreta:.....
Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura) **Data**

Programa de axudas á gandería para paliar os ataques do lobo

A Consellería de Medio Ambiente estableceu unha liña de axudas para gandeiros e gandeiras que sufriron ataques do lobo. Estas axudas cobren ataques producidos despois do 1 de maio contra gando saneado vacún, ovino e caprino en explotacións semiextensivas de Galiza.

En caso de ser afectado ou afectada, cómpre saber que a consellería establece un prazo de 24 horas para dar aviso dende que se produce o ataque dos lobos. Se non se chama á Consellería de Medio Ambiente antes desas 24 horas, pérdese o dereito a percibir a axuda.

O teléfono ao que se debe chamar é o 900 186 186; na chamada, pediranse datos sobre o ataque e darase un número clave para reclamar a axuda. Despois da chamada, recibirase a visita dun garda forestal para recoller información; ademais, o gandeiro ou gandeira deberá presentar unha solicitude diante da delegación provincial de Medio Ambiente.

A consellería esixe que non se mova aos animais atacados do sitio e que non se permita a entrada doutros animais no lugar.

Solicitude única

de axudas a superficies, animais, indemnización compensatoria e outras primas gandeiras para o ano 2004

Orde do 23 de decembro de 2003 pola que se regula a solicitude única, no ano 2004, de axudas a superficies, animais e indemnización compensatoria, así como a solicitude doutras primas gandeiras.

O prazo para a presentación das solicitudes de axuda por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún e indemnización compensatoria, empezará o 15 de febreiro de 2004 e rematará o día 12 de marzo de 2004.

Ademais do anterior:

- As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.
- As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos:
  - -Do 1 ao 31 de marzo de 2004.
  - -Do 1 ao 30 de xuño de 2004.
  - -Do 1 ao 30 de setembro de 2004.
  - -Do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes da Consellería de Política Agroalimentaria veñen de regular as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas polo lucro cesante, motivado pola inactividade producida ao decretar a obrigatoriedade do baleiro sanitario pola presencia de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponxiformes bovinas.

@s destinatari@s destas indemnizacións serán @s titulares das explotacións gandeiras nas que se sacrificaron os animais ou se acordou un período de corentena, en aplicación dun programa oficial establecido para loitar contra unha enfermidade.

Así mesmo, a contía destas axudas variará, nun caso dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos productivos declarados oficialmente nesa explotación, do tipo de actividade gandeira ou do número de días de inactividade.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004.

As persoas interesadas en recibir máis información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Axudas para a mellora estructural e adaptación dos procesos productivos de sementes e plantas de viveiro de calidade. Prazo ata o 1 de marzo de 2004.

Axudas do Programa de Mellora Gandeira de Galiza

Orde do 26 de decembro de 2003 pola que se articulan axudas no marco do Programa de Mellora Gandeira de Galiza. O obxecto destas subvencións serán, entre outros, o desenvolvemento de programas de xestión zootécnica, de planificación zoosanitaria, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego, apoio ós libros xenéticos da raza bovina frisona e das razas autóctonas, realización de programas de cría de animais, ou o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

Poderán acollerse a estas axudas os criadores, as asociacións ou agrupacións de criadores e as súas federacións recoñecidas oficialmente, as entidades locais e outras entidades relacionadas co sector agrario.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 16 de febreiro, excepto para as axudas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas españolas, no que o prazo de presentación de solicitudes é nos días seguintes á adquisición dos animais.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
cisterna galvanizada 3.000 con depresor de 5.000.
Fresadora AGRI seminova de 1'70
Segadora BERTOLINI 1.250, seminova
Preguntar por Xosé Luis no teléfono 626 315 059

Véndese
autocargador marca COMPARMANLLEU, con descarga hidráulica, en bo estado.
Chamar ao mediodía ou pola noite ao tlfno. 981 684 014.

Véndese
tullas en maceta (50-60 centímetros) de raíz espida.
Leilandy de 2 metros.
Buxos de 50-60 centímetros.
Preguntar por María Xosé no 981 793 890

Véndense
ata 100 vacas nacidas na montaña, vinte delas vianesas; a partir de 500 euros. (Ourense)
Tlfno. 696 297 310

Véndese
tractor de 50 CV, marca MF, con dobre tracción e apeiros. En moi bo estado.
Tlfno. 981 788 423

Véndese
tanque de leite de 400 litros, marca INGEFRISA.
Teléfono 982 179 495

Véndese
tanque de frío de 600 litros.
Chamar ao 986 689 726.

Véndese
lote de ladrillos cara á vista. Entre 3.000 e 4.000 unidades; a bo prezo.
Preguntar por Xesús no teléfono 988 413 803

* * *

COMPRAS

Mércanse
trabadizas para vacas e xatas e sementadora de millo.
Chamar ao tlfno. 982 164 045

Mércase
invernadoiro pequeno entre 40 e 50 metros cadrados.
Preguntar por Sara Vázquez no teléfono 981 663 945

Mércase
rotoenvoladora.
Preguntar por Antonio no teléfono 981 669 230

Mércase
plastificadora de rolos.
Preguntar por Xosé María no teléfono 981 854 778

OUTROS

Búscase
traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgás (Ourense).
Máis información nos teléfonos 988 430 146 e 686 304 617

Deixan
50 ferrados para cultivar en Mesía que están a monte.
Tlfno. 981 198 715

Xosé Álvarez Lombardero, membro da Executiva do SLG e vocal de Ternera Gallega

Xosé Álvarez Lombardero vive, aos seus 43 anos, no lugar de Candelos, que está situado na parroquia fonsagradina de Roxos. Alí traballa nunha explotación familiar de vacún de carne afiliada dende hai 25 ao SLG e composta por sesenta reses de Rubia Galega que pacen en corenta hectáreas de pastos. Xosé comparte o seu oficio con responsabilidades na Executiva do Sindicato Labrego e na Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega, onde defende os intereses dun sector que, dende a crise das vacas tolas, non ergueu cabeza a pesar da súa recoñecida calidade.

"Ternera Gallega ten pendente acadar unha completa trazabilidade da carne"

■¿Pensa que resultou positiva para a organización do SLG a posta en marcha da Comisión Executiva?

Pola dinámica de traballo que está a ter penso que é moi importante e positiva, pois son moitos os problemas que estamos tendo os labregos e o agro en xeral.

■¿Que cuestións relacionadas co vacún de carne tratou a Executiva nos últimos tempos?

Desde que estou eu na Executiva, un dos temas que se abordou e que máis problemática está a xerar son as denegacións por parte de Política Agroalimentaria das Indemnizacións Compensatorias de Montaña (ICM). Hoxe é este o tema que temos sobre a mesa e que se está a debater con máis interese.

■Vostede é vocal da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega. ¿Que opina deste organismo? ¿Como está a funcionar?

Está a ter unha dinámica de traballo importante. Cada mes estase a facer unha reunión, e os encontros son constantes.

De cara á producción tradicional, non se lle ve unha grande evolución. Cómpre lembrar que dende hai dez anos ten unha certa actividade, e temos que recoñecer que conseguiu cousas importantes, como a obriga de que os becerros estean cebados en Galiza. Pero unha parte importante da producción tradicional segue a estar fóra da IXP, o cal é unha materia pendente.

■¿Que pensa que se debería facer para mellorar a xestión e efectividade de Ternera Gallega?

O Consello Regulador estase atopando cun problema grave. Na época en que existe unha grande demanda, que é no verán, parte dos becerros non pasan pola marca porque os carniceiros pagan mellor, pois os necesitan . Pola contra, en inverno, onde hai máis oferta de becerros, os matadoiros están atascados, as comercializadoras non dan sacado a carne e, por riba, hai menos consumo.



Lombardero aposta, coma o SLG, por unha gandería extensiva en base á terra e pastos naturais

Creo que Ternera Gallega deberá, no futuro, tomar algún tipo de iniciativa para acadar dalgún xeito, como coa creación de contratos homologados, a posibilidade dun compromiso, tanto por parte da producción como do sector industria.

■É dicir, tentar manter un nivel de producción equilibrado todo o ano.

Exactamente. Cómpre tentar uns prezos que non teñan estas oscilacións. Pensemos que, de vender un becerro no verán a vendelo en inverno, pode haber entre 180 e 240 euros de diferencia. Deberíase comezar a traballar na adopción de medidas como a concentración de partos para que haxa máis becerros no verán para o consumo.

■¿Que outras problemáticas ten que enfrontar a IXP?

Outro tema pendente dende a fundación da IXP é conseguir a completa trazabilidade da carne. Fíxose un bo traballo no tema das explotacións, onde non existe a fraude. Mesmo no matadoiro conseguiuse garantir a trazabilidade. Nembargantes, esta garantía pérdese cando o producto abandona as cadeas de despece. Iso facilita que, hoxe por hoxe, se estea a vender moita carne por España adiante co selo de Ternera Gallega sen que o sexa. E aí elle imposible chegar á IXP, pois o noso producto véndese a granel. Este, para min, é un dos puntos máis febles da Ternera Gallega.

■¿E que propón o SLG para solucionar isto?

Dende o Sindicato Labrego téñense feito moitas propostas. Por exemplo, pedimos en moitas ocasións que toda carne que se venda fóra de Galiza, envasada en barquetas como as que atopan consumidores e consumidoras nos supermercados, fose envasada e etiquetada en Galiza. Así, a IXP podería ter un maior control.

"Diz Guedes debe visitar as explotacións, pois dubido que coñeza o sector"

■¿En que outros temas ten incidido o SLG neste sector?

Outro dos temas ao que o Sindicato Labrego fixo moito fincapé foi no da alimentación. Lembremos, por exemplo, a proposta de eliminar a monexina dos concentrados, un elemento que o SLG denunciou como promotor do crecemento e que debía estar prohibido polo Consello.

■Noutra orde de cousas, ¿pensa que está superada a crise das vacas tolas?

Para nada estamos recuperados da crise. Os prezos non volveron aos tempos anteriores a esta. A maiores temos o grave problema de que a carne non se vende, e iso por algo é. A xente aínda ten certa psicose con respecto a esta desfeita que trouxo a Consellería. A parte dos prezos, temos o problema de que hai moito gando nas explotacións e de que temos problemas para vendelo, aínda que sexa a baixo prezo. Estamos vendendo a prezos de hai quince anos, a 600 pesetas canal, e incluso menos.

■Sen embargo, hai estudios que din que os consumidores volven confiar.

Os estudios dependen de quen os faga. Eu penso que o estudio real é o que hai nas explotacións. O que debería facer Diz Guedes é visitalas, pois dubido que sexa coñecedor do sector.

■As vacas tolas semellan unha consecuencia do modelo de gandería que tenta impoñer a Xunta

Este é un problema máis provocado polas políticas que se están a aplicar de producción intensiva con custes mínimos e aplicando métodos que, para nada, son positivos, tanto para a saúde humana como para o benestar animal. O grave deste asunto é que a IXP Ternera Gallega, co prestixio que ten e cos cartos que se levan gastados na súa promoción, se vexa arrastrada pola crise, xa que falamos dunha carne de calidade que ten que pasar un estricto control. Penso que a Ternera Gallega quédalle moito por facer para explicar e facer saber cales son os seus métodos de producción.

■Daquela, ¿cre que a gandería extensiva en base á terra se debería impoñer como sistema de producción fronte á intensiva?

Para iso necesitaríanse moitas cousas. Evidentemente, sendo práctico, é a solución; pero cómpre analizar cales son as estructuras das explotacións. Por exemplo, as explotacións que teñen como base territorial montes comunais onde as políticas oficiais foron de reforestación total, evidentemente teñen cortado o futuro e o seu medre. Aínda máis agravado polo envellecemento dos beneficiarios dos montes comunais, que adoitan a frear as iniciativas que poida ter algunha xente nova. Polo tanto, o ideal sería promover programas de gandería extensiva, pero necesítanse, en primeiro lugar, as terras.